

## **ACTA DA MESA DE ALCALDES E ALCALDESA DA ÁREA METROPOLITANA DA CORUÑA.**

---

Reunidos no Palacio de María Pita do Concello da Coruña, o 20 de decembro de 2016 ás 12'10 horas, os representantes dos Concellos da área metropolitana que asinan o pe do presente documento, abordan a orde do día que sigue:

1. Estratexia metropolitana.
2. Convalidación acordos da mesa de transporte e mobilidade.
3. Cidade da ciencia e a innovación.
4. Terceira convocatoria Estratexias DUSI.
5. Proposta sobre coordinación xeral técnica do proceso.

### **Desenvolvemento dos asuntos a tratar:**

#### **1. ESTRATEXIA METROPOLITANA**

Expón o asunto o Alcalde da Coruña facendo referencia aos seguintes asuntos:

- Estado cuestión e vindeiros pasos.

Proceso seguido dende a sinatura da Declaración Institucional (20/10/2016).

✓ Plenos Corporativos:

- Betanzos. 29-11-2016. Ratificación Declaración María Pita e Acordo de iniciación do procedemento do art. 122 Lei 5/97.
- Bergondo. 24-11-2016. Ratificación Declaración María Pita e Acordo de iniciación do procedemento do art. 122 Lei 5/97.
- Cambre. 30-11-2016. Ratificación Declaración María Pita e Acordo de iniciación do procedemento do art. 122 Lei 5/97.
- Culleredo. 24-11-2016. Ratificación Declaración María Pita e Acordo de iniciación do procedemento do art. 122 Lei 5/97.
- Oleiros. 24-11-2016. Ratificación Declaración María Pita. Insta ao Concello da Coruña para que continúe o proceso conforme ao artigo 122 da Lei 5/1997.
- Sada. 24-11-2016. Ratificación Declaración María Pita . Insta ao Concello da Coruña para que continúe o proceso conforme ao artigo 122 Lei 5/97.
- A Coruña. 7-11-2016. Ratificación Declaración María Pita con maioría simple.

✓ Cartas de apoio recibidas: UdC, Federación de Asociacións de Veciños, CIG, CCOO, UXT e Cámara de Comercio da Coruña.

✓ Reunións celebradas: UdC, Empresarios, Sindicatos (CCOO, CIG e UXT), Cámara Comercio, Grupos Parlamentarios (PP, En Marea, PSdG-PSOE e BNG), Xerencia CHUAC, Diputación Provincial de Coruña, Federación de Asociacións de Veciños, etc. Presidente FEGAMP (conversa telefónica). Pendente Xuntanza co Presidente da Xunta de Galicia (previsión: xaneiro 2017). Xuntanza co Alcalde de Carballo.

✓ **Vindeiros pasos:**

- Continuar con ronda de entrevistas de explicación e sensibilización sobre o proceso metropolitano.
- Continuar a traballar cara a acadar o máximo nivel de consenso posible.

○ **Acordo básico sobre método de traballo, fitos, contidos e calendarios.**

- Documento de “Diagnóstico e Estratexia Metropolitana da Área Urbana da Coruña”.

**CONTIDO DO DOCUMENTO:**

1. Retos dos novos modelos urbanos.

Ideas – forza:

- proxecto dinámico de estratexia metropolitana e de xestión eficiente de territorios urbanos.
- diferentes escalas no abordaxe da planificación e da xestión metropolitana
- analise de diferentes modelos de sistemas urbanos metropolitanos.

2. Identificación inicial dos problemas e retos do área metropolitana da Coruña

- Mobilidade
- Sistema ambiental
- Ciclo integral do auga
- Definición dun modelo territorial

3. Análisis integral do área metropolitana dende unha perspectiva integrada

Partindo da análise do contexto territorial avanzase, seguindo o esquema da RIU, hacia:

- Análise físico: medio físico e asentamentos, parque edificatorio, equipamentos, etc.
- Análise medioambiental e de condicions climáticas
- Análise enerxético
- Análise económico
- Análise social
- Análise dos instrumentos de planificación existentes

4. Diagnóstico da situación do área metropolitana

- Síntese do análisis
- Matriz DAFO (temático)

5. Definición da estratexia metropolitana

- Definición do novo modelo metropolitano
- Líñas estratéxicas de actuación
- Proxectos estratéxicos
- Anexo gráfico

**PEOPOSTA DE PROCESO DE TRABALLO A SEGUIR:**

1. O presente documento (20/12/2016) é un documento de partida

2. Consideramos incorporar aportacións (DAFO e de Definicións Estratéxicas) provintes de:

- Voceiros dos grupos municipais representados no Pleno do Concello da Coruña.
- Alcaldes/a e grupos técnicos municipais
- Mesas/Grupos de traballo EM
- Proceso participativo cidadá
- Acordo sobre data de “asamblea de mesas/grupos de traballo” (+/- 15/01/2017. Achegas ate 15/20-02-2017).

3. Documento final a 31/03/2017

Os Alcaldes concordan con este plantexamento de metodoloxía e calendario.

- **“Análise de necesidades de mesas e Grupos de Traballo”** Traballo de concreción do obxecto, alcance, contidos concretos, formas de abordaxe e custos de asistencias necesarias para desenvolvemento das Mesas de Traballo da estratexia metropolitana. (Plan de traballo presentado na última semana deste mes por Oficina de Planeamento, S.A.)
- **Equipo de traballo para análise da “estado da arte” e anteproxecto de texto articulado de Lei AMC.** Composición do equipo e calendario previsto (explica o asunto o Alcalde da Coruña).

#### Equipo de traballo:

- Vitoria de Dios Viéitez
- Carlos Amoedo Souto
- Santiago Roura Gómez
- Manuel Díaz Sánchez
- Marta García Pérez

#### Alcance:

**“Estado da cuestión metropolitana en Galicia, no resto do Estado e proximacións a algúnsha experiencia europea. Texto base para a redacción dunha proposta de anteproxecto de Lei da ÁREA METROPOLITANA da Coruña”.**

- ✓ Documento un: Aproximación aos contidos e á tramitación do expediente administrativo requerido para elevar ao Pleno dá Corporación un acordo respecto ao art. 122 dá Lei de Administración Local de Galicia.  
(31/12/2016)

- ✓ Documento dous: Estado da cuestión metropolitana en Galicia, no Estado (Cataluña, Euskadi, Andalucía (Conurbación d'a Baía de Cádiz, etc.) e aproximacións a algunha experiencia europea (Rennes, Brest Metropole e Lille). O poder local e a análise das competencias da administración local (da Lei 27/2013 de racionalización e sustentabilidade á Lei 5/2014 de medidas urxentes derivada da Lei 27/2013). Análise de competencias para xestionar na área e a xeración de instrumentos de gobernanza metropolitana. Establecemento de criterios para un marco básico de financiamento do instrumento metropolitano. (marzo 2017)
- ✓ Documento tres: Anteproxecto de texto articulado para unha Lei da área Metropolitana da CORUÑA (AMC). (Xuño 2017 ou tres meses despois de pechar a fase anterior).

- **Asistencias técnicas previstas (2017):**

- ✓ Coordinación xeral do proceso (apoio a coordinación xeral e a Mesas e Grupos de Traballo)
- ✓ Redacción dun Instrumento de planificación integrado e gobernanza territorial.
- ✓ Formulación realizada para Orzamento 2017. Cofinanciación por Concellos área metropolitana e Deputación Provincial.

INTERVENCIÓNIS RELATIVAS AO PUNTO 1:	
<b>Alcalde de Abegondo</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>› Intervén en primeiro lugar manifestando unha serie de preocupacións relativas a:</li> <li>▪ creación de un ente con persoal propio, dotación de máis persoal e poñendo énfase sobre si o persoal do Consorcio se incorporará á Área Metropolitana.</li> <li>› Traslada a Preocupación sobre a situación do persoal do Consorcio das Mariñas.</li> </ul>
<b>Alcalde da Coruña</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>› Contesta o Alcalde de Abegondo no sentido de que se lle encargará ao equipo xurídico que estude esa situación específica e outras relativas á transitoriedade</li> </ul>
<b>Alberto Castro, Concelleiro de</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>› A.M. debe ter un fin claro: dar máis servizos, con máis calidade e menor custe.</li> <li>› Pon de manifesto a súa gran dúbida: ¿Quen formarán parte da Área?</li> </ul>

<b>Urbanismo de Arteixo</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▶ Fai referencias á AMB e a Bilbao.</li> <li>▶ Problemas maiores: Mobilidade, Ciclo da Auga, Xestión de residuos</li> <li>▶ Problemas “menores” (pero moi importantes): Seguridade, bombeiros (lembra o problema da “artística”).</li> <li>▶ ¿Quén?: <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Coruña, Culleredo, Oleiros e Arteixo son núcleo central para él.</li> <li>▪ Segundo anel: Sada, Cambre, Cerceda, Laracha.</li> <li>▪ Terceiro anel: Bergondo, Betanzos, Abegondo e Carballo.</li> <li>▪ Cuarto anel: Miño, Paderne, Coirós, Oza-Cesuras.</li> </ul> </li> <li>▶ Outro problema (de gran transcendencia): a ordenación do territorio.</li> </ul>
<b>Alcalde da Coruña</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▶ Agradece as reflexións do Concelleiro de Arteixo. O Alcalde expón que son temas falados e compartidos por todos os Alcaldes/a.</li> </ul>
<b>12.51 h</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▶ Incorpórarse á xuntanza o Alcalde de Arteixo.</li> </ul>
<b>Alcalde da Coruña</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▶ Continúa a intervención do Alcalde da Coruña facendo unha reflexión acerca de si a A.M. é punto de saída ou de chegada.</li> <li>▶ Compártese a hipótese de partida: dar máis servizos, de máis calidade e menor custo relativo.</li> </ul>
<b>Alcalde de Culleredo</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▶ Confirma que Cerceda remitirá carta manifestando interese de participar no proceso e sinala que o establecemento a priori do custo dos servizos é imposible sen fixar hipótese de partida: poboación afectada, nivel e calidade dos servizos a prestar, etc. e iso require dun traballo previo que é necesario fazer de contado e de forma conxunta.</li> </ul>
<b>Alcalde de Abegondo</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▶ Centra o debate en concellos a maiores dos que están agora no proceso. Deben estar, ¿si ou non?</li> <li>▶ Sinala que Laracha parece que quere incorporarse ao tema da Reserva da Biosfera.</li> <li>▶ Afirma que os concellos poderán (ou non) incorporarse á carteira de servizos a prestar pola AM.</li> </ul>
<b>Alcalde de Oleiros</b>	<p>Plantexa o seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▶ Afirma que hai cousas ruinosas que é preciso desbotar: unha delas é o Consorcio. Salienta que é preciso unha Área Metropolitana sen presidencias vitalicias (que son orixe de problemas e conflitos para o futuro).</li> <li>▶ Na situación actual ,manifesta que é preciso avanzar ou optar por romper todo. O que sexa preciso facer compe asumilo e que sexa feito por quienes estean na Mesa de Alcaldes.</li> <li>▶ É preciso centrarse en traballar unidos, organizadamente. Ningún</li> </ul>

	<p>vai só a ningún lado.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>› Entende que Arteixo é quen máis se xoga neste reto.</li> <li>› Expón que se non se avanza, Oleiros romperá co Consorcio.</li> <li>› Cre que se debe dar un impulso importante ao proceso metropolitano.</li> </ul>
Alcalde da Coruña	<ul style="list-style-type: none"> <li>› Fala novamente dos problemas e retos e das potencialidades da A.M.</li> </ul>
Alcalde de Oleiros	<ul style="list-style-type: none"> <li>› Explica a orixe da EDAR-Bens e as razóns do “bloqueo” que sufre neste momento.</li> </ul>
Alcalde de Abegondo	<ul style="list-style-type: none"> <li>› Afirma que no Consorcio nunca existiu “política de partidos”.</li> <li>› Afirma que o Alcalde da Coruña tomou unha decisión importante pero non ten maioría no Pleno e que debe acadala para avanzar no proceso metropolitano.</li> <li>› Afirma que como Alcalde de Abegondo está de acordo co proceso da AM.</li> <li>› Polo que el sabe, o PP é favorable á AMC</li> <li>› En Abegondo hai unanimidade no Pleno para impulsar a AM, do que quere deixar constancia co acordo trasladado á Alcaldía do Concello da Coruña .</li> </ul>
Alcalde de Cambre	<ul style="list-style-type: none"> <li>› Concorda coa análise de problemas e retos feito desde Arteixo.</li> <li>› Entende que agora é o momento de dialogar, de aportar, de falar, de apostar por isto. É preciso avanzar porque estamos ante unha enorme oportunidade.</li> <li>› Anima a todos a falar desde dentro do proceso de construcción metropolitana.</li> <li>› Manifesta que temos unha experiencia (Consorcio) que é preciso aproveitar en termos de oportunidade.</li> </ul>

## 2. CONVALIDACIÓN ACORDOS DA MESA DE TRANSPORTE E MOBILIDADE.

Expón o asunto o Alcalde da Coruña:

- Propónse a convalidación do acordo adoptado o día once de novembro de 2016 pola Mesa de Transporte e Mobilidade respecto do seu papel como interlocutor único fronte a Xunta de Galicia.

## 3. CIDADE DA CIENCIA E A INNOVACIÓN

Expón o asunto o Alcalde da Coruña:

- Convenio con UdC proposto en Orzamento do Concello da Coruña para o exercicio de 2017 para o desenvolvimento do documento da “Estratexia

metropolitana de Innovación” comprometida por mor da renovación da distinción da Coruña como cidade da ciencia e da innovación.

- Informa da previsión de realizar unha Xornada traballo no primeiro trimestre de 2017 sobre a metodoloxía de realización do traballo da estratexia metropolitana de innovación (Innova CM).

#### 4. TERCEIRA CONVOCATORIA ESTRATEXIAS DUSI.

- O Alcalde da Coruña traslado aos Alcaldes e a Alcaldesa información respecto da previsión dunha terceira convocatoria de Estratexias DUSI e do montante orzamentario previsto o respecto.

#### 5. PROPOSTA SOBRE COORDINACIÓN XERAL TÉCNICA DO PROCESO.

- O Alcalde da Coruña traslada aos Alcaldes e a Alcaldesa proposta de acordo sobre técnico municipal designado para a coordinación xeral do proceso da estratexia metropolitana.

Finalmente, o Alcalde da Coruña fai un resumo das propostas formuladas:

- **ESTRATEGIA METROPOLITANA**
- Continuar con ronda de entrevistas do explicación e sensibilización sobre o proceso metropolitano.
- Continuar a traballar cara a acadar o máximo nivel de consenso posible.
- Documento “Diagnóstico e Estratexia Metropolitana da Área Urbana da Coruña”.
  - Solicítase achegas a Alcaldes e Alcaldesa e equipos técnicos municipais (con prazo ate o 20 de febreiro de 2017).
  - Solicítase achegas a Mesas/Grupos de traballo EM que celebrarán unha xuntanza colectiva de traballo ao redor do 16 de xaneiro de 2017 e terán de prazo ate o 20 de febreiro para trasladar achegas.
  - O documento final estará reelaborado con data 31/03/2017.
- Documento “Análisis de necesidades de mesas e grupos de traballo”.
  - Remitirase ás Alcaldías na primeira quincena de xaneiro de 2017.
  - Presentarase na xuntanza colectiva de Mesas/Grupos de traballo do 16 de xaneiro de 2017.
- Equipo de traballo UdC.
  - Entrega documento un: 31/12/2016
  - Entrega documento dous: 31/03/2017
  - Entrega documento tres: 30/06/2017 ou tres meses despois de pechar a fase anterior (o que implica o VºePrace político os contidos do documento dous).

- **CONVALIDACIÓN ACORDOS DA MESA DE TRANSPORTE E MOBILIDADE.**
  - Convalídase o acordo acadado no seo da Mesa de Traballo e mantense o carácter decisorio no seo da Mesa de Alcaldes e Alcaldesa.
  
- **CIDADE DA CIENCIA E A INNOVACIÓN.**
  - Mantense o apoio dos Alcaldes e Alcaldesa ao proceso deseñado.
  
- **COORDINACIÓN XERAL TÉCNICA DO PROCESO.**
  - Á proposta do Alcalde da Coruña, designase ao técnico municipal José Manuel Peña Penabad como coordinador xeral do proceso de estratexia metropolitana.

A Coruña, 20 de decembro de 2016.

O alcalde da Coruña,

Asdo.: Xulio Ferreiro Baamonde

O alcalde de Arteixo,

P.A.

Asdo.: Carlos Calvelo Martínez

O alcalde de Betanzos,

Asdo.: José Ramón García Vázquez

O alcalde de Carral,

Asdo.: José Luis Fernández Mouríño

O alcalde de Oleiros,

Asdo.: Angel García Seoane

O alcalde de Abegondo

Asdo.: José Antonio Santiso

A alcaldesa de Bergondo,

Asdo.: Alejandra Pérez Máquez

O alcalde de Cambre,

Asdo.: Óscar García Patiño

O alcalde de Culleredo,

Asdo.: Julio Sacristán de Diego

O alcalde de Sada,

Asdo.: Óscar Benito Portela Fernández